



RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 10 DE DECEMBRO DE 2008

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [anexo I](#).

1. Informe do reitor

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno da reunión do Consejo de Universidades realizada o pasado 4 de decembro, en que se puxo de manifesto a necesidade de seguir avanzando na construción do Espazo Europeo de Educación Superior, aprobando para tales efectos a declaración que figura no [anexo II](#). Finaliza a súa intervención informando dos resultados das eleccións a órganos colexiados 2008 da Universidade da Coruña, onde se rexistrou un nivel alto de participación, tendo en conta as cifras existentes nas outras universidades galegas e nas universidades españolas.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das validacións de expedientes de gasto do exercicio 2008 e da imputación de obrigas xeradas no exercicio 2007 ao exercicio 2008, que foron executadas desde a última sesión do Consello de Goberno, de acordo coa Comisión de Asuntos Económicos. Esta comisión, delegada do Consello de Goberno, validou na súa sesión do día 20 de novembro expedientes de gastos (C-16, C-17 e C-18) por importe de 360.752,60 euros e un expediente de imputación de obrigas (V-7) por importe de 119,95 euros. E na súa sesión do día 9 de decembro un expediente de gasto (C-19) por importe de 599.181,20 euros e un expediente de imputación de obrigas (V-8) por importe de 128,23 euros. No Plano operativo anual da Universidade da Coruña para o exercicio 2008 recoñecíase unha certa concentración de necesidades nos campus de Ferrol e Bastiagueiro, que xustificaría a dotación de fondos adicionais para a adaptación ao EEES unha vez liquidado o exercicio 2007. Infórmase que, en cumprimento dese compromiso, transferíronse (con cargo ao remanente de tesourería non afectado dispoñible) 70.000 € á Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física de Bastiagueiro (que complementan a adquisición dunha instalación de investigación de 300.000 € cofinanciada con fondos FEDER) e 270.000 € á Escola Universitaria Politécnica de



Ferrol, co gallo de atender as necesidades de adaptación ao EEES que foron priorizadas polos centros.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental, quen informa da tramitación do expediente do proxecto para proxecto de obra de edificación e urbanización dunha área residencial universitaria no campus de Elviña, logo de superar os trámites pertinentes na Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa. Logo de que se celebre a I Feira Europea de Emprego os pasados días 6 e 7 de novembro, o Sr. Vicerreitor sinala que participaron na feira, nalgunha das actividades ofertadas, un total de 1.540 estudantes. De forma detallada, a participación nas diferentes actividades foi de 750 persoas en 5 mesas redondas, 570 persoas en 5 talleres Eures, 1.350 persoas en 9 talleres de orientación laboral, 255 persoas en 17 presentacións corporativas de empresas e 210 persoas en 14 conferencias técnicas de empresas. O número de participantes nas actividades foi de 2.820 persoas e o número estimado de visitas ás casetas pódese cifrar en 5.000 persoas. Realizouse unha enquisa entre os asistentes que foi cuberta por 451 persoas, salientando que o 70% cualifican como moi boa a feira, o 25% de boa e un 5% de excelente. Desas 451 enquisas, 213 propoñen melloras para posteriores edicións, tales como que haxa máis sectores de actividade, aulas de maior capacidade, maior duración da feira para evitar actividades paralelas e facilitar o número máximo de asistentes ás actividades que se desenvolvan. As entidades organizadoras e financiadoras (Deputación da Coruña e Consellería de Traballo) felicitaron a Universidade da Coruña pola posta en marcha desta feira e comprometéronse a seguir financiando esta actividade para o próximo curso. En resumo, pode considerarse que foi un éxito tanto pola asistencia, como pola organización e presenza nos medios de comunicación.

O Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, igualmente, quere informar de que o pasado 28 de novembro se asinou entre a Deputación da Coruña e a Universidade da Coruña un convenio de colaboración polo que se concede unha subvención de 100.000 € para financiar parte das obras de Ampliación do Centro de Innovación Tecnolóxica-CIT (reforma do antigo comedor para laboratorios) en Ferrol. E por último, a respecto do Campus de Ferrol, quere informar de que o pasado 28 de novembro se reuniron os xurados dos premios de investigación que convocan o Concello de Ferrol e a nosa universidade. Este ano correspondía a adxudicación dos premios González Llanos de



Enxeñaría Naval e Concepción Arenal de Humanidades, que foron adxudicados por unanimidade a D. Francisco Javier González-Cela polo traballo «Proxecto de embarcación adaptada» e D.^a Rosa Méndez Fonte polo traballo titulado «A conservación dos monumentos arquitectónico en Galicia 1840-1940», que merecen por isto recibiren todos os parabéns. A entrega dos premios, dotados con 12.000€cada un, terá lugar ao longo do mes de marzo nun acto no Concello de Ferrol.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor do Profesorado, quen informa da Resolución reitoral do 6 de novembro de 2008 pola que se convoca concurso público de méritos polo procedemento de urxencia para a contratación laboral de persoal docente, que figura no [anexo III](#); da Resolución reitoral do 12 de novembro de 2008 pola que se convoca un concurso público de méritos para a contratación temporal de persoal docente (contratados Parga Pondal, con exclusión daquelas prazas para as que non se obtivo o informe favorable do INCITE), que figura no [anexo IV](#); e da Resolución reitoral do 5 de decembro de 2008 pola que se convoca un concurso público de méritos polo procedemento de urxencia para a contratación laboral de persoal docente, que figura no [anexo V](#). Remata a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno da actualización da Relación de postos de traballo do PDI que debe facerse por estas datas.

Remata este punto da orde do día o Sr. Secretario Xeral, quen dá conta do cesamento, por petición propia, de don Enrique Peña González como director da Oficina de Cooperación e Voluntario (anteriormente, Oficina de Acción Solidaria), a quen se lle agradece expresamente o seu traballo e adicación exemplares.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 30 de outubro de 2008 e da sesión extraordinaria do 13 de novembro de 2008

Apróbanse, por asentimento, a acta da sesión ordinaria do 30 de outubro de 2008 e a acta da sesión extraordinaria do 13 de novembro de 2008, que estiveron a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral infórmaos dos 55 convenios que figuran no [anexo VI](#), que se clasifican nesta ocasión en



convenios marco (4), convenios específicos (22) e convenios para prácticas (29) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Sen se rexistrar ningunha intervención, os convenios en cuestión son aprobados por asentimento.

4. Títulos propios de posgrao

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, que lles dá conta aos membros do Consello de Goberno das propostas de títulos propios de posgrao, que constan no [anexo VII](#).

Sen se rexistrar ningunha intervención, as propostas en cuestión son aprobadas por asentimento.

5. Premios á excelencia en bacharelato

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais quen dá conta da proposta de Premios Universidade da Coruña á Excelencia Académica no Bacharelato, que figura no [anexo VIII](#), logo do acordo da Comisión de Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno.

Sen se rexistrar ningunha intervención, a proposta en cuestión resulta aprobada por asentimento.

6. Bolsas propias da Universidade da Coruña

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, quen expón que segundo o artigo 17 do Regulamento de bolsas na Universidade da Coruña (31 de outubro de 2007), o Consello de Goberno determinará anualmente, con carácter xeral, as contías máxima e mínima das axudas por bolsas, atendendo sempre ao tempo de dedicación e ao nivel de titulación esixido en cada convocatoria. Para establecer estas contías fíxose un estudo das diversas prácticas aplicadas ás bolsas propias. Este estudo salientou unha distinción entre dous bloques de bolsas propias: un primeiro conxunto formado polas bolsas de colaboración en departamentos, tarefas bibliográficas e Aulas Net, que amosa certa unidade na relación dedicación e contía da axuda e outro grupo máis ecléctico que corresponde ás bolsas propias convocadas desde distintos servizos xerais. Examinada a casuística, a proposta da Comisión de Extensión na súa



reunión do 14 de novembro de 2008, que se remite ao Consello de Goberno para a súa aprobación, consiste en que se manteña a relación dedicación/contía no primeiro grupo, aplicando a suba xeral correspondente aos orzamentos da universidade e que para as outras bolsas se estableza a relación seguinte: a unha dedicación máxima de 15 horas corresponderalle unha axuda de 405 €, e a unha dedicación mínima de 10 horas corresponderalle unha axuda de 360€. O que se aproba por asentimento.

Sen se rexistrar ningunha intervención, a proposta en cuestión resulta aprobada por asentimento.

7. Relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos funcionario

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Xerente, que comeza a súa intervención sinalando que no texto publicado na web, que figura como **anexo IX**, se atoparon unha serie de erratas, por esta razón hai unha versión corrixida, que é a que teñen á súa disposición os membros do Consello de Goberno. Sobre a base de que a Relación de Postos de Traballo (RPT) supón unha matriz con preto de 5.000 entradas, considera lóxico que se cometesen estas erratas na transcripción, tales como as que se evidencian nas prazas de xefe de servizo de PAS e postos base da Oficina de Relacións Internacionais, que deben aparecer como vacantes; na praza de posto base de PDI, que non ten observacións; no complemento específico das secretarías de departamento, que é de 410,43 € e non de 430; no nome da ETS de Náutica e Máquinas; na praza F 218, que ten quenda de tarde; na xefatura de Negociado de Ferrol, que se denomina Acceso e atención ao estudante; na nova praza de bibliotecario na EUP, que é de mañá; e na nomenclatura de grupos, que é a anterior ao Estatuto básico da función pública, que posteriormente se adaptan para remitir ao DOG.

Unha vez advertidas e aclaradas tales erratas, o Sr. Xerente expón unha serie de consideracións sobre a proposta, que se reconducen esencialmente nas dez seguintes. Primeiro, sinala que a RPT actual, que é de agosto de 2005, abrangue conxuntamente a funcionarios e laborais, presentando 415 prazas de funcionarios, 2 eventuais e 298 laborais. Segundo, indica que a modificación legal desta RPT vén dada polos artigos 91.3 e 92 dos Estatutos da UDC, en que se indica que as relacións de postos de traballo se revisarán e se aprobarán en Consello de Goberno, preceptivamente, cada dous anos, por proposta da Xerencia, logo da negociación coa representación sindical, debendo informar dun xeito positivo posteriormente o Consello Social. Terceiro, comenta que para a elaboración



desta proposta existe un marco base, que é o Plano estratéxico da UDC 2005-2010 e a programación plurianual 2009-2010, segundo o cal se conclúe que a situación actual é que temos *ratio* de alumno/PAS inferior nun 20,78% á media española (27 de media e 34 na UDC), por esta razón fixo unha análise de demandas, necesidades e posibilidades. Cuarto, tamén explica que para a súa elaboración se visitaron todos e cada un dos centros da UDC, ademais, mantivéronse reunións con vicerreitores e secretario xeral e, adicionalmente, fíxose unha toma de datos obxectivos para proceder á súa análise e buscar o equilibrio. Quinto, o documento inicial que se elaborou negociouse nunha comisión mixta con representantes da Xunta de Persoal e Comité de Empresa, aínda que, debido ás eleccións ao Comité de Empresa os seus representantes tiveron que abandonala, a Comisión decidiu seguir só coa de funcionarios e, ao final, acadouse un acordo unánime das centrais sindicais representadas na Xunta de Persoal. Sexto, afirma que o obxectivo desta proposta é dotar de persoal, tendo en conta as esixencias funcionais da Universidade (deste xeito, as principais áreas que reciben novas prazas son xestión académica cun 34,37%, bibliotecas cun 18,75%, xestión económica e persoal cun 18,75%, investigación cun 12,5%, relación internacionais cun 6,25% e outros cun 19%), mais tamén buscar unha maior eficiencia dos recursos xa existentes coa creación da unidade administrativa de Ferrol, a unificación administrativa de CUFIE, Centro de Linguas e AFI, ou a simplificación derivada da fusión dos centros de Económicas e a Escola de Empresariais. Sétimo, a respecto dos postos de traballo, mantense a mesma denominación que en 2005, coas únicas salvidades de que se crean os negociados académicos e unha praza de administrador de centros, dependente da Xerencia, para se ocupar dos centros que non teñen director ou decano (como é o caso do CUR), e a respecto dos complementos, en cumprimento do que está previsto no artigo 99.2 dos Estatutos da UDC, culmínase e readáptase o xa iniciado na RPT de 2005 que se levará a cabo en dúas fases, unha que se inicia en xaneiro de 2009 e a segunda en xullo de 2010. Oitavo, en relación coas dependencias funcionais, o Sr. Xerente indica que se readaptan as derivadas dos cambios producidos nas vicerreitorías, pasando deste xeito Relacións Internacionais á Vicerreitoría de Estudantes. Noveno, como resultado créanse 32 novas prazas e amortízase unha, co que as prazas netas creadas son 31, o que supón unha suba do 7,47%, cifra que resulta moi moderada. Créanse, por postos, 1 de administrador, 4 de bibliotecarios, 2 de auxiliares de bibliotecas, 10 de xefes de negociado e 15 de postos base. E décimo, realiza unha valoración final indicándolles aos membros do Consello de Goberno que esta proposta de RPT é traballada, xa non só polo número de horas dedicadas ao seu estudo, senón polas visitas, a participación e o grupo de traballo formado; prudente, posto que



cumpre as previsións do Plano estratéxico e da Programación plurianual e é moderada no seu gasto; previsor, xa que reforza as áreas críticas na adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior e, por último, necesaria, pois deriva do crecemento da UDC tanto en orzamentos e mestrados como en espazos. Remata a súa intervención agradecendo o traballo de todas as persoas que participaron na elaboración desta proposta.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que participan os Sres. Casabella López, quen amosa a súa desconformidade con esta proposta de RPT, pois non se axusta ás necesidades do seu centro, tendo en conta o número de estudantes que hai e implica a eliminación de postos de traballo. En resposta, o Sr. Xerente indícalle que non se eliminou ningún posto de traballo, porque esta RPT é de funcionarios e non de persoal laboral, ademais de sinalarlle que a relación se corresponde co número de alumnos que figura en Xescampus e que o seu centro, comparando con outros, non é maltratado. Tamén intervén o Sr. Rodríguez Fernández, quen centra a súa intervención nos postos do persoal de mantemento dos laboratorios e no persoal de administración dos centros, preguntando a respecto deste último se van suplir as carencias existentes nos centros. En resposta, o Sr. Xerente indícalle que esta RPT é de funcionariado e non de persoal laboral, que será onde haberá que tratar o tema dos postos do persoal de mantemento dos laboratorios, e tamén que o persoal de administración nos centros está pensado precisamente para centros, tales como o CUR, onde non hai unha dirección ou decanato á súa fronte. O Sr. Rodríguez Fernández, tendo en conta o afirmado polo Sr. Xerente, pídelles actuacións concretas en materia de formación para que o persoal do seu centro poida desenvolver con profesionalidade as súas funcións. Igualmente, toma a palabra o Sr. Casteleiro Maldonado, quen reconece que esta proposta é froito de moito esforzo e lamenta que non se puidese facer unha proposta conxunta de RPT para funcionariado e persoal laboral. Remata a quenda de intervencións o Sr. Fernández López, quen como membro da Xunta de Persoal lle pide aos membros do Consello de Goberno que apoiem esta proposta, que é o resultado de moitas negociacións e pídelles tamén ao Sr. Xerente que, no caso da súa aprobación, proceda inmediatamente á súa execución.

Co voto en contra do Sr. Casabella López, apróbase a Relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos funcionario que figura en versión corrixida no **anexo X**.



8. Programación plurianual 2009-2010

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen presenta a Programación plurianual 2009-2010, aprobada polo Claustro o 28 de outubro de 2008, que figura como [anexo XI](#). A diagnose global, tendo en conta tanto factores externos como internos, é que, malia o contexto desfavorable, o rigor orzamentario dos últimos exercicios xerou capacidade para seguirmos avanzando no próximo bienio no reto da adaptación ao EEES cun programa de investimentos en recursos humanos e infraestruturas. Non obstante, isto non pode facer esquecer as importantes necesidades da institución: existe un déficit histórico de infraestruturas que só se poderá mitigar dispoñendo de financiamento específico e, ademais, os recursos por estudante sitúannos na cola das universidades do Estado nas transferencias da Administración educativa por estudante.

Apróbase por asentimento a programación plurianual 2009-2010.

9. Orzamentos e plano operativo anual 2009

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen presenta os Orzamentos e o Plano operativo anual 2009, que figuran como **anexo XII**. O orzamento do ano 2009 confirma a análise da Programación plurianual. A política orzamentaria dos últimos anos, en que os recursos se incrementaron substancialmente, foi prudente na estimación dos ingresos e rigorosa na execución do gasto. Deste xeito, xerouse marxe de manobra, non só financeira, senón para axustar as previsións de ingresos e gastos, que se mostra crucial para afrontar as circunstancias actuais. Así, o orzamento crece un 8,7% (sitúase nos 137,8 millóns de euros), a pesar de que as transferencias da Comunidade Autónoma o fan nun 3%. A contención no gasto corrente é compatible co mantemento da política de converxencia co contorno en materia de persoal e cun crecemento das bolsas a estudantes por riba do 13%, e permite un incremento dos investimentos, orientados cara á adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, do 22%. A vinculación do orzamento cos proxectos recollidos no Plano estratéxico da UDC (clasificados nas áreas de Docencia, I+D+i e Relacións coa Sociedade) desenvólvese no Plano operativo anual 2009.

Ábrese a quenda de intervencións en que participan os Sres. Fernández López e Casteleiro Maldonado. O Sr. Fernández López cuestiona a suficiencia da subida prevista das retribucións do PAS laboral e sinala



discrepancias entre o capítulo 1 e o anexo I do orzamento. Cuestiona tamén a necesidade dunha suba dun 5% nos gastos de protocolo dos centros. Propón a revisión do tratamento da compra de programas informáticos nas Bases do orzamento. Finalmente, demanda a adaptación aos principios da arquitectura ecolóxica (particularmente en relación ao acondicionamento térmico) das novas construcións. En resposta, o Sr. Vicerreitor sinalalle que os importes recollidos no capítulo 1 calculáronse aplicando con carácter xeral as estimacións de actualización salarial e de incremento de efectivos, polo que só poden considerarse un marco xeral no proceso de negociación colectiva e non necesariamente reflicten con exactitude as remuneracións individuais, que se recollen no anexo. En relación cos gastos de protocolo, remarca que se aplicou o incremento xeral do 5% nos gastos descentralizados (excepto dos relacionados coas prácticas docentes, que aumentaron un 15%), lembrando ademais as posibilidades de redistribucións entre estas partidas. Respecto do tratamento das compras de programas informáticos, confirma que está sendo debatido pola comisión que está a traballar na procura da simplificación administrativa, e en relación coa arquitectura ecolóxica salienta a notable actividade despregada como consecuencia da incorporación dun técnico superior ao Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamento e da creación da Oficina de Medio Ambiente.

Remata a quenda de intervencións o Sr. Casteleiro Maldonado, quen sen interesa polo nome do edificio de ampliación do seu centro. En resposta, é informado de que no orzamento se recolle como “Edificio Área Científica Parque Tecnolóxico Informática-Camiños”.

Apróbanse por asentimento Orzamentos e Plano operativo anual 2009 que figuran no citado **anexo XII**.

10. Prazas de profesorado

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da convocatoria ordinaria de prazas de profesorado que figura no [anexo XIII](#). A proposta, que conta co informe favorable da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP), apróbase por asentimento.

Segue co uso da palabra o Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da convocatoria de prazas de mestrados oficiais que figura no [anexo XIV](#), cunha engádegas na documentación entregada no seu día aos membros do Consello de Goberno,



relativa á convocatoria dunha praza para o módulo de Dereito Inmobiliario e da Construción do Mestrado en Asesoramento Xurídico Empresarial. A proposta, que conta con informe favorable da COAP, apróbase por asentimento dos membros do Consello de Goberno, tal e como figura no [anexo XV](#), coa citada engádega.

Igualmente, o Sr. Vicerreitor de Profesorado informa os membros do Consello de Goberno das prazas de substitución para o programa de promoción de titulares de escola universitaria e colaboradores, que figuran no [anexo XVI](#), que conta co informe favorable da COAP. As prazas en cuestión resultan aprobadas por asentimento dos membros do Consello de Goberno.

11. Cambio de dedicación

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da proposta de cambio de dedicación que figura no [anexo XVII](#).

Sen se rexistrar ningunha intervención, a proposta en cuestión resulta aprobada por asentimento.

12. Licenzas e comisión de servizos

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da relación de solicitudes de licenzas e comisión de servizos que figuran no [anexo XVIII](#).

Sen se rexistrar ningunha intervención, as propostas en cuestión resultan aprobada por asentimento.

13. Proposta tribunal concurso de acceso

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da proposta de composición da comisión xulgadora do concurso dunha praza de catedrático de universidade de Química Inorgánica, que figura no [anexo XIX](#).

Sen se rexistrar ningunha intervención, a proposta en cuestión resulta aprobada por asentimento.



14. Venias docentes

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta da relación de solicitudes presentadas para os efectos de concesión de venias docentes, que figura no [anexo XX](#), os membros do Consello de Goberno aproban por asentimento as venias docentes en cuestión.

15. Modificación da normativa que regula os concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen dá conta da proposta de modificación da normativa que regula os concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios, que figura no [anexo XXI](#).

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan os Sres. Fernández López, quen non comparte a inclusión no baremo da representación académica como mérito, a que o Sr. Vicerreitor lle responde que se trata dunha cuestión recollida na lexislación e que os membros da mesa sindical e da COAP fixeron unha valoración positiva ao respecto. Tamén intervén o Sr. Casteleiro Maldonado, quen incide no tema da constitución das comisións do artigo 10. O Sr. Soraluze Blond interésase por aqueles casos en que as persoas contratadas doutoras obteñen a acreditación pero non superan as probas dos concursos de acceso, tamén polo lugar onde a documentación deben estar a disposición dos membros da comisión xulgadora e, finalmente, pola composición das comisións en relación coas cuestións de xénero, cuxa regulación semella ter, ademais, algunha gralla. Toma a palabra a Sra. López Fernández, quen fai algunhas suxestións de mellora da redacción nalgúns artigos desta proposta. En resposta, o Sr. Vicerreitor indícalle que as persoas contratadas doutoras teñen contratos de traballo por tempo indefinido e, xa que logo, seguirán vinculadas á Universidade laboralmente no caso de non superar as probas dos concursos de acceso; en relación coa documentación, indícalle, igualmente, que deberá estar sempre baixo a custodia de quen asuma o cargo de secretario da comisión e, por último, en canto á composición, sinálalle que a proposta pretende garantir a presenza da paridade de xénero, que é algo ao que está tamén obrigada a Universidade da Coruña. Remata a quenda de intervencións o Sr. Pena Agras, quen incide de novo en méritos que deberían aparecer incluídos no baremo e que non só están relacionados coa representación.



Coa abstención do Sr. Fernández López, apróbase a proposta de modificación da normativa que regula os concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios, que figura cos cambios formais de redacción aceptados no [anexo XXII](#).

16. Modificación do programa de promoción do persoal docente e investigador acreditado

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa os membros do Consello de Goberno da proposta de modificación do programa de promoción do persoal docente e investigador acreditado, que figura no anexo [XXIII](#).

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan os Sres. Casteleiro Maldonado e Soraluze Blond e a Sra. López Fernández. Rematada a quenda de intervencións e logo de se corrixir formalmente a situación de certas disposicións da proposta, apróbase por asentimento a modificación do programa de promoción do persoal docente e investigador acreditado, que figura no [anexo XXIV](#).

Os membros do Consello de Goberno, por solicitude do Sr. Vicerreitor de Profesorado, aproban tamén a convocatoria de prazas de promoción nas condicións establecidas polo propio programa de promoción do persoal docente e investigador acreditado.

17. Propostas de grao

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa da relación de propostas de grao que figura no [anexo XXV](#). A Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, logo de indicar que a documentación dos graos presentados aparece na web da VOAT, informa os membros do Consello de Goberno de que hai algunhas propostas cuxa aprobación queda condicionada á realización de certas modificacións. Trátase do Grao en Dereito, que deberá modificar o apartado relativo ao número de prazas de novo ingreso, pois figura 120 no lugar de 175. Trátase tamén do Grao en Enxeñaría de Edificación, en que se deberán revisar as fichas das materias (apartado 5 de Verifica), a respecto do número de horas presenciais e non presenciais por ECTS, atendendo ás instrucións enviadas pola Vicerreitoría de Profesorado, xa que non deben figurar nelas nomes de departamentos ou de persoas nin nada relacionado co futuro encargo de docencia, que se



realizará no momento adecuado. E, por último, do Grao en Fisioterapia, en que se deberán facer as seguintes modificacións na materia Nutrición e Rehabilitación Física, que debe denominarse Nutrición en Fisioterapia e na materia Ecografía en Rehabilitación Física, que debe denominarse Ecografía en Fisioterapia. A Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións remata a súa intervención agradecéndolles, a todas as persoas implicadas, o traballo realizado para a elaboración destas propostas.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Soraluca Blond, quen anuncia a súa abstención na proposta de Grao en Educación Primaria da Facultade de Ciencias da Educación, explicando as razóns. Tamén intervén o Sr. Casteleiro Maldonado, quen tampouco comparte o procedemento de elaboración do Grao en Enxeñaría de Edificación da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica. En relación co Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto da Escola Universitaria de Deseño Industrial interveñen os Sres. Casteleiro Maldonado, Pena Agras, Graña López e González López. Remata a quenda de intervencións o Sr. Teijeiro Vidal, quen anuncia que vai votar en contra do Grao en Fisioterapia da Escola Universitaria de Fisioterapia, tendo en conta que o Departamento de Medicina non puido participar no seu proceso de elaboración nin formular en tempo e forma as alegacións correspondentes, ademais do feito de que a comisión redactora traballou con máis membros dos acordados e de que a denominación dalgunhas materias non se acaba de axustar ás previsións da normativa reguladoras de profesións sanitarias. A Sra. Vicerreitora indícalle ao Sr. Teijeiro Vidal que as alegacións, que non se enviaron a tempo, foron tidas en conta e que se fixeron as xestións oportunas para que todas as materias teñan a denominación legal que corresponda.

Coa abstención do Sr. Sorabluca Blond en relación coa proposta de Grao en Educación Primaria da Facultade de Ciencias da Educación e co voto en contra do Sr. Teijeiro Vidal en relación co Grao en Fisioterapia da Escola Universitaria de Fisioterapia, apróbase a relación de propostas de grao que figura no **anexo XXV**.



18. Propostas de mestrados universitarios

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa das propostas de mestrados universitarios que figuran no [anexo XXVI](#) e que se implantarán no curso académico 2009/2010.

Sen se rexistrar ningunha intervención, as propostas en cuestión resultan aprobadas por asentimento.

18. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra o Sr. Valderruten Vidal, quen insiste de novo nos graves problemas de espazo do seu centro, ata o punto de que incluso se ten agravado nos últimos meses por causa da incorporación de novo persoal docente e investigador. Pide que se poña fin de xeito estrutural a tales problemas e ser informado, como proceda, do expediente administrativo que está a cursar para a realización das obras de ampliación do seu centro. Remata a súa intervención centrándose nos problemas rexistrados nos procesos informáticos de matrícula, de xestión dos datos académicos e das actas, que esixen a constitución dun grupo de traballo co fin de saber cales foron as causas determinantes de tales problemas, pois deste xeito evítase que se reproduzan situacións deficitarias como as vividas no seu centro.

Toma a palabra o Sr. Casteleiro Maldonado, quen incide tamén nos problemas de espazo existentes no seu centro e solicita celeridade na realización nas obras.

Remata a quenda de intervencións a Sra. López Fernández, quen reitera de novo os problemas de seguridade viaria que se rexistran no contorno dos centros situados na Zapateira, especialmente o de Filoloxía.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 15:00 h.